



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

LUIS MARÍA VAZQUEZ ARCA
ASOCIACIÓN AMIGOS DEL MONASTERIO DE SANTA MARÍA DE
SOBRADO
RUA FRANCISCO MARIÑO, Nº 12- 1º ESQ.
15004 A CORUÑA

Asunto: Resolución de inscripción de constitución.

Con data 21/04/2016 recibíuse solicitude de inscripción de constitución da asociación no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, formulada por LUIS MARÍA VAZQUEZ ARCA no nome e representación da **ASOCIACIÓN AMIGOS DEL MONASTERIO DE SANTA MARÍA DE SOBRADO**, con domicilio en PRAZA PORTAL, S/N, 15813 SOBRADO (A CORUÑA), e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Coa solicitude de inscripción presenta acta de constitución do 18/06/2015 xunto cos correspondentes estatutos, nos cales constan os fins da asociación e o ámbito territorial de actuación correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do previsto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir a constitución da **ASOCIACIÓN AMIGOS DEL MONASTERIO DE SANTA MARÍA DE SOBRADO** no Rexistro Central de Asociacións, correspondéndolle o núm. **2016/020506-1ª**, e depositar no rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Esta inscripción formalízase con carácter provisional e converterase en definitiva se no prazo de tres meses contados dende a recepción desta resolución, non se lle notificase ao interesado a incompatibilidade da súa denominación con outra previamente inscrita noutro rexistro.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2016

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuña Barja

Vº e praxe:
O subdirector xeral de Réxime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 08/07/2016 08:23:42

SAÍDA 74495 / RX 989650

